

PRIM'ART



2026

abril · maio · xuño · xullo

teatro · música · danza · circo · audiovisual · literatura · premios · exposicións · mostras



Arteixo Cultura

Arteixo / Cultura



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

AGADIC



Agadico
Asociación Galega de
Teatro e Música



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

teatr'ART

Venres 10 de abril / 20:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Alicia wants to de Bengala

Teatro - Público adulto (+ 12 anos)

Duración: 55 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

Alicia Wants To é unha mistura de realismo máxico e crueza social que nos conta a historia de Alicia, unha adolescente que sofre problemas coas drogas e unha posible situación de abuso. O espectáculo comeza no momento no que Alicia é expulsada dun centro de menores e se reencontra con Juana, súa nai. Ambas son mulleres da marxe, da fronteira, do borde, que tratan de sobrevivir nunha sociedade atravesada pola exclusión social, os abusos, a pobreza e un sistema xudicial que non protexe a todos/as por igual. Esta historia está contada e construída a través dunha partida de xadrez na que o público é parte activa, elixindo algunha das decisións que ten que tomar Alicia e polo tanto decidindo como continúa o espectáculo.

A dramaturxia está inspirada libremente en referencias como Alicia no país das marabillas e na película Mommy de Xavier Dolan.

Autoría e dirección: An González

Elenco artístico: Andrea Maseda, Estrella Tomé, Estela del Río e Alexia Villar



audiovisu'ART

Sábado 11 de abril / 19:00 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Reflexos do amor escuro


Documental - Público adulto (+ 16 anos)

Duración: 52 minutos - Con invitación

Este documental parte dunha curtametraxe de ficción, feita en super 8 mm, no ano 1977, que relata as vivencias duns homes acaecidas na cidade de A Coruña naquela época. O que García Lorca chamou Amores escuros. No documental inclúese a teatralización dos seus Sonetos sobre ditos amores.

Dirección: J.A. Jiménez, Fran Naveira, G. Rolán

Elenco artístico: Edgar Blanco e Sete Eiroa



danz'ART

Venres 17 de abril / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

BenQuerer de Fran Sieira

Danza - Público adulto (+14 anos)

Duración: 55 minutos - Con entrada: 6 € e 4,50 €


BenQuerer é unha peza íntima e emocional que conecta co cotiá e cos nosos procesos de adaptación ante os cambios. Reflexiona sobre como en ocasións asumimos máis do que, quizais, nos pertence. Non fala da felicidade permanente, nin de estar sempre ben: fala de aceptar os momentos nos que o corpo di basta, de coidarse e de aprender a poñer límites.

Nun mundo de constante cambio, nun sistema que premia producir, avanzar, continuar,... podemos permitirnó parar? Podemos mostrarnos vulnerables, sen medo ao xuízo ou a ser vistas como fráxiles?

Autoría: Fran Sieira

Dirección: Fran Sieira e Gena Baamonde

Elenco artístico: Fran Sieira, Antía Ameixeiras, Sabela Caamaño



music'ART

Domingo 19 de abril / mañá e tarde

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

XXVI Concurso de Música Tradicional

Música - Todos os públicos

Duración: 2 sesións de mañá e de tarde

A Asociación Xiradela convoca o seu prestixioso certame de música tradicional, unha xanela aberta ao talento de agrupacións xuvenís, folclóricas e veciñais. O concurso, centrado na modalidade de **pandeireteiras** e **pandeireteiros**, contará con catro categorías por idades. Ademais de recoñecer a calidade musical, haberá un **premio especial ao vestiario**, unha iniciativa fundamental para poñer en valor e fomentar o uso do traxe tradicional galego.

Organiza a AX Xiradela coa colaboración do SM de Cultura



danz'ART

Venres 24 de abril / 20:30 h / Auditorio CCC Arteixo Manuel Murguía

Monte -versión estendida- de Laboratorio Escénico

Danza - Público adulto

Duración: 60 minutos - Con entrada: 6 € e 4,50 €

A través da danza, a música e a palabra, **MONTE** reivindica as historias en feminino que entrelazan ancestralmente a Galicia e Cuba. Dúas terras unidas polo fío da migración e un profundo respecto pola natureza. No centro desta proposta emerxe a figura dunha muller sabia, custodia dos segredos do monte, as súas lendas e as súas herbas. Unha homenaxe ás nosas antepasadas que manteñen viva a conexión coa terra a través da voz, a clave e o coiro dos tambores.

Autoría: Alba Fernández

Dirección Artística e Coreografía: Maura Morales

Danza: Ana Beatriz Pérez, Estefanía Gómez e Alba Fernández.

Música: Diana Tarín (voz e percusión), Amaury Quintero (percusión e batería), Octavio Vargas (baixo eléctrico), Pablo Hernández (catro e guitarra) e Alfredo Álvarez (piano).

29 de abril, Día Internacional da Danza

liter'ART

Venres 8 de maio / 19:30 h / Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Entrega de premios do "35º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía"

Ollos abertos da Compañía de danza iXA

Narrativa/Danza - Todos os públicos

Duración: 75 minutos - Con invitación

O vindeiro **8 de maio**, Arteixo convértese no epicentro da creación literaria e artística. Coa chegada da 35ª edición, a vila volve render homenaxe a quen foi o gran ideólogo do noso Rexurdimento. Nesta cerimonia de entrega de premios daranse a coñecer as obras premiadas desta edición. A gala de entrega de premios contará cunha atmósfera excepcional grazas á compañía **iXa**. A súa peza "**Ollos cara adentro**" transformará o espazo nun escenario onírico efémero. A través dunha linguaxe de movemento surrealista, as performers romperán os límites da lóxica e a razón, convidándonos a cruzar a porta que une o noso mundo interior co exterior. Unha experiencia sensorial onde a danza e a palabra se funden nunha homenaxe á creatividade pura.

Autoría: Elena Castellanos

Dirección: Xián Martínez

Elenco artístico: Elena Castellanos e Xián Martínez



danz'ART

Domingo 10 de maio /
18:00 h / Paseo do Balneario (campo da festa en caso de choiva)
XXXVIII Día da muiñeira
Baile tradicional
Todos os públicos

Dende 1987, a **Asociación Xuvenil Xiradela** mantén firme o seu compromiso coa preservación e o impulso do noso baile máis senlleiro. O **Día da Muiñeira** chega á súa **XXXVIII edición** consolidado como unha gran romaría urbana onde o relevo está asegurado. Unha homenaxe á base, á canteira e ao futuro da nosa cultura.

Organiza AX Xiradela coa colaboración do SM de Cultura



teatr'ART

Venres e sábados: 15, 16, 22, 23 de maio e 5 de xuño / 20:30 h / Auditorio CCC Arteixo Manuel Murguía
Representación das obras finalistas do II Certame de Teatro Amador
Sábado 6 de xuño: Entrega de premios **amArte** 2026 e representación de "Un fiambre, unha rosca e un cancán" da AC Faíscas

liter'ART

Domingo 17 de maio / 13:00 h
Urbanización Sol y Mar de Oseiro
"Ofrenda floral na honra de Manuel Murguía"
Homenaxe - Todos os públicos

Acto conmemorativo do Día das Letras Galegas organizado pola AVV Manuel Murguía coa colaboración do SM de Cultura

**MA
NU
EL
MUR**
GUÍA



tradi'Art

Venres 29 de maio / 13:00 h / Praza do Balneario
Entrega de premios do 11º Concurso de Maíos
Promoción das tradicións - Todos os públicos

A Concellaría de Cultura convoca o tradicional Concurso de Maíos, no que as creacións participantes serán expostas na Avenida do Balneario durante esta fin de semana. Co fin de promover a tradición, o respecto á natureza e a creatividade, existen dúas modalidades: o **Maio Tradicional** e o **Maio Artístico**.

circ'Art

Venres 29 de maio / 19:00 h / Anfiteatro
Hoxe sí! de Sempre arriba
Circo - Todos os públicos
Duración: 50 minutos - Entrada libre

Temos un triángulo por espazo de xogo, obxectos que soben baixan e flotan no aire. Temos música, os temazos e temones da nosa vida, temos circo, un micro, temos ganas e moita actitude. Hoxe Si! É unha invitación a xogar, a disfrutar, a soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora. Un espectáculo en linguaxe clown con acrobacia aérea, e sobre todo moito humor.

Dirección: Natalia Outeiro
Elenco artístico: Marta Iglesias

Premio Manu Lago ao mellor espectáculo de rúa de 2025

danz'Art

Domingo 7 de xuño / mañá e tarde
Anfiteatro e Praza do Balneario
V Festival ArteYShow
Danza - Todos os públicos

Tras o éxito de catro edicións inesquecibles, o Festival ArteYShow consolídase como o gran punto de encontro para os amantes da danza e a música en directo. Un evento deseñado para o desfrute total onde os espectáculos de primeiro nivel conviven co talento das nosas escolas locais. Atrévase a dar o paso e aprender de grandes expertos en talleres de salsa, bachata e kizomba. Ven vivir unha experiencia única onde a diversión e o movemento non teñen pausa.

Organiza AC Tropicalia coa colaboración do SM de Cultura



music'ART



Venres 26 de xuño / 20:30 h / Anfiteatro
Concerto de Anxo Araújo
Pop/indie - Todos os públicos
Duración: 60 minutos - Entrada libre



Aprender a bailar é en palabras do xornalista musical Carlos Crespo (Fugas) un dos mellores discos producidos en Galicia nos últimos tempos. Un segundo álbum orixinal e entregado ao pop máis saboroso que pon ao descuberto o lado máis luminoso do artista. Araújo emerxe con un disco de sublime pop emparentándose, segundo o crítico Noel Feáns (a Regueifa 2.0), con propostas do indie internacional como os primeiros Vampire weekend ou os Crystal Fighters. O pontevedrés firma un traballo cheo de sensibilidade que procura asilo nos ritmos de baile e na súa elegante voz. Anxo Araújo é un dos novos nomes da escena do pop independente galego.

21 de xuño, Día Europeo da Música
Organiza Deputación da Coruña coa colaboración do SM de Cultura

Venres 3 de xullo / 20:30 h / Anfiteatro
Concerto de Sofía Espiñeira
(formato trío)
IX edición Elas Son Artistas 2026. Ciclo Metropolitano pola Igualdade na Música e nas Artes
Música de autora - Público adulto
Duración: 70 minutos - Entrada libre

Nunha linguaxe poética e honesta, **Sofía Espiñeira** seduce nunha mestizaxe de terra e aire. Xunto a **Ailén Kendelman** nas percusións e coros e **Judit Almeida** no contrabaixo, **Sofía Espiñeira Trío** ofrece un directo con harmonías corais, matices íntimos e rítmicas que percorren o mundo.



expo'ART

Do 7 ao 29 de abril

Sala de exposicións do CCC de Arteixo

Manuel Murguía

Exposición de pintura **“Mulleres e sensacións”** de PAT

Do 5 ao 21 de maio

Sala de exposicións do CCC de Arteixo

Manuel Murguía

Exposición de arte **“Sombras del alma”** de **Maribel Rojo e Pilar Cristobo**

Do 26 ao 30 de maio

Sala de exposicións do CCC de Arteixo

Manuel Murguía

Exposición-Mostra Artística **“Cultiva o teu lecer”** (en colaboración con participantes de actividades sociais do Concello de Arteixo)

Do 3 ao 17 de xuño

Sala de exposicións do CCC de Arteixo

Manuel Murguía

Exposición **“Seres mitolóxicos”** xoiería contemporánea de **Xoiatrix**



ART

CALENDARIO PRIM'ART

ABRIL

Venres 10: **Alicia wants to de Bengala Producións** - Teatro

Sábado 11: **Reflexos do amor escuro** - Documental

Venres 17: **BenQuerer, Fran Sieira báilalle a Caamaño&Ameixeiras** - Danza

Domingo 19: **XXVI Concurso de Música Tradicional da AX Xiradela** - Música

Venres 24: **Monte - versión estendida de Laboratorio Escénico** - Danza



MAIO

Venres 8: Entrega de premios do **35º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía** - Literatura

Ollos abertos da Compañía de danza iXA - Danza

Domingo 10: **XXXVIII Día da muíñeira da AX Xiradela** - Danza

Venres 15: **Representación dunha das obras finalistas do II Certame de Teatro Amador Premios amArte** - Teatro

Sábado 16: **Representación dunha das obras finalistas do II Certame de Teatro Amador. Premios amArte** - Teatro

Domingo 17: **Ofrenda floral na honra de Manuel Murguía**

Venres 22: **Representación dunha das obras finalistas do II Certame de Teatro Amador. Premios amArte** - Teatro

Sábado 23: **Representación dunha das obras finalistas do II Certame de Teatro Amador. Premios amArte** - Teatro

Venres 29: **Entrega de premios do 11º Concurso de Maíos**

Venres 29: **Hoxe sí! de Sempre arriba** - Circo



CALENDARIO PRIM'ART

XUÑO

Venres 5: **Representación dunha das obras finalistas** do II Certame de Teatro Amador. Premios amArte - Teatro

Sábado 6: **Entrega de premios amArte 2026 e representación de *Un fiambre, unha rosca e un canción da AC Faíscas*** - Teatro

Domingo 7: **V Festival ArteYShow** - Danza

Venres 26: **Concerto de Anxo Araújo** - Música

XULLO

Venres 3: **Concerto de Sofía Espiñeira (formato trío)** - Música

PRIM'ART



A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

1. Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a **máxima puntualidade**.
2. **Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.**
3. Os carros, paraugas, triciclos, etc deberán permanecer fóra da sala.
4. **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**
5. Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.
6. Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
7. **En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por un adulto responsable** dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
8. Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan.
9. En caso de climatoloxía adversa, algunha das actividades programadas para exteriores, poderán ser trasladadas para o Auditorio do CCC de Arteixo Manuel Murguía.

10. Os espectáculos estarán suxeitos ao **abonamento de entrada ou á recollida de invitación á que todas as persoas teñen dereito**. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

ENTRADAS / INVITACIÓNS



VENTA DE ENTRADAS:

Online (www.eventosarteixo.com) ou o día da función 2 horas antes do seu comezo no local de exhibición até completar a súa capacidade. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa.

O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenanza fiscal nº 34 do Concello de Arteixo).

DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

Online (www.eventosarteixo.com) ou 1 hora antes no local de exhibición até completar a súa capacidade. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.

+INFO

SM de Cultura
CCC de Arteixo Manuel Murguía
R/ Alcalde Baldomero González, s/n
981 659 100
cultura@arteixo.org
www.arteixo.org



Arteixo / Cultura



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Concellería de Maiores,
actividades sociais
e participación cidadá

Asociación Xoveiros

**XIRA
DELA**



AVV Manuel Murguía